

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE XUÑO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA****PROXECTO DE LEI****CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde.

DECRETOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se nomea reitora magnífica da Universidade de Vigo a profesora doutora Carmen García Mateo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Agra-O Sexo-Val de Sangorza (Agolada, Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Basadre-Eidián-Ramil (Agolada, Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona da Baíña-Berredo-Órrea (Agolada, Pontevedra).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se ordena a interposición de recurso de inconstitucionalidade fronte os artigos 15.1.f); 16.1, 2, 5, 8 (parágrafo segundo), 9, 10 e 11; 17; remisións ao desenvolvemento regulamentario contidas nos números 1 e 2 do artigo 18; 21; e 29 do Real Decreto-Lei 7/2026, do 20 de marzo, polo que se aproba o Plan integral de resposta á crise en Oriente Medio, facultando ao efecto á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e designando con tal fin aos Letrados da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de excelencia da biotecnoloxía en Galicia 2026-2030.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Prodeme para a construción de vivendas residenciais para persoas con discapacidade e Centro ocupacional-Nave industrial para diversos procesamentos da madeira, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU, no exercicio 2026, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación San Rosendo para a adquisición de equipamento tecnolóxico nos centros de discapacidade da entidade, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU, por un importe dun millón cincuenta mil euros (1.050.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Amicos, Asociación Amicos para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para a adquisición de equipamento co fin de ampliar a capacidade dixital e tecnolóxica das persoas con discapacidade, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU, no exercicio 2026, por un importe de cincocentos noventa e nove mil oitocentos setenta e nove euros con sesenta céntimos (599.879,60 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Benéfico-Asistencial Valdegodos para a reforma das plantas terceira e cuarta da Residencia Virgen de los Milagros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU, no exercicio 2026, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación San Rosendo para a posta en marcha da residencia de persoas maiores da Coruña e a actualización da residencia Os Gozos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU, no exercicio 2026, por un importe dun millón dous mil trescentos vinte euros con noventa e un céntimos (1.002.320,91 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o Plan director do sector forestal-madeira.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da variante de Carballo, primeira fase, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de vinte millóns douscentos cincuenta e cinco mil trescentos catro euros con sesenta e cinco céntimos (20.255.304,65 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello da Bola, para a execución das obras de humanización do contorno de Santa Baia de Berredo, por un importe de douscentos sesenta mil cincocentos trece euros con noventa e catro céntimos (260.513,94 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello do Porriño para a execución das obras de mellora urbana, paisaxística e de accesibilidade do parque Alcalde Ordóñez, por un importe de catrocenos oitenta e cinco mil trescentos trinta e oito euros con catorce céntimos (485.338,14 €).
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no Concello de Cangas de Morrazo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. do contrato das obras para a construción dun edificio de 13 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela 3 da UA15, rúa As Devesas, concello de Pontevedra, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dous millóns cincocentos setenta e catro mil trescentos trinta e oito euros con dez céntimos (2.574.338,10 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de transporte sanitario urxente aéreo, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, por un importe de cincuenta e cinco millóns seiscentos sesenta e sete mil oitocentos vinte e oito euros con noventa céntimos (55.667.828,90 €) e un valor estimado de sesenta e seis millóns oitocentos un mil trescentos noventa e catro euros con sesenta e oito céntimos (66.801.394,68 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para exonerar de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, co fin de conceder subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas, Territorio cultura, e se convocan para o ano 2026, por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o contrato programa da Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia 2026-2028.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e a Fundación Laboral de la Construcción de Galicia para o desenvolvemento do proxecto Benseguro, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da comarca de Ourense e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda, para a concesión dunha axuda en especie consistente na entrega de dúas (2) máquinas hidrostáticas destinadas á prevención e extinción de incendios, por un importe total de seiscentos cincuenta e tres mil seiscentos sesenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (653.666,66 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores San Xulián da Illa de Arousa para a o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe dun millón trescentos cincuenta e sete mil seiscentos cincuenta e cinco euros con vinte céntimos (1.357.655,20 €).
- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Sociedad Cooperativa Gallega Ría de Arosa para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de catrocentos trinta e cinco mil cincocentos setenta e tres euros con trinta e tres céntimos (435.573,33 €).
- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores Virgen del Carmen de Arcade para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de trescentos corenta e dous mil novecentos corenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (342.945,46 €).
- Acordo polo que se autoriza o sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Vilaboa Pedra da Oliveira para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de trescentos oitenta mil novecentos corenta e seis euros con sete céntimos (380.946,07 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Rof Codina (FRC) para realizar o proxecto científico-técnico singular da Fundación Rof Codina: Estudo do efecto de niveis normais de mercurio na dieta e a súa relación coa resposta inmune, para os anos 2026 e 2027, por un importe total de seiscentos corenta e oito mil setecentos setenta e cinco euros con sesenta céntimos (648.775,60 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a situación provocada polas tormentas e chuvias torrenciais en Ourense.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre os investimentos nos ríos de Galicia para planificar, previr, actuar e protexer as persoas e o territorio.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a nova convocatoria de axudas ás familias usuarias dos comedores escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos non xestionados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Orde pola que se crea o Comité Asesor dos Programas de Detección Precoz do Cancro na Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen a súa composición, organización e funcionamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI QUE DECLARARÁ AS PRAZAS DE PERSOAL MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS DE OURENSE COMO POSTOS DE DIFÍCIL COBERTURA

- O Servizo Galego de Saúde ofertará as prazas de persoal médico de urxencias hospitalarias polo sistema excepcional de concurso de méritos e puntuará o triplo o tempo traballado neste servizo
- O Goberno galego dá resposta ás necesidades de facultativos/as das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que dispón agora mesmo da metade do persoal
- Na actualidade, o servizo cóbrease cun esforzo extraordinario dos e das profesionais e co programa especial de urxencias con facultativos/as doutras áreas
- A Xunta mantén tamén como postos de difícil cobertura todas as prazas de facultativos/as dos sete hospitais públicos comarcais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto da Lei pola que se modifica a Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde, coa cal o Servizo Galego de Saúde pretende incluír as prazas do persoal da categoría de médico/a de urxencias hospitalarias no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

En particular, ofertará as prazas vacantes polo sistema excepcional de acceso á condición de persoal fixo de concurso de méritos, é dicir, valorando a experiencia e a formación sen necesidade de superar o exame propio dunha fase de oposición.

Ademais, establécese unha valoración especial da experiencia profesional. Cada mes de servizos prestados nas urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense computará o triplo da puntuación que se estableza con carácter xeral para futuros procesos selectivos ou concursos de traslados.

O Goberno galego incentiva así a cobertura das prazas de persoal médico das urxencias hospitalarias de Ourense, que conta cun cadro de persoal de 50 profesionais e na actualidade ten ocupadas unicamente 25 prazas.

Desta forma, o Servizo Galego de Saúde, despois de informar os sindicatos que compoñen a Mesa Sectorial de Sanidade, toma medidas ante a situación de necesidade de persoal médico das urxencias hospitalarias ourensás.

Neste momento, as necesidades están a cubrirse cun grande esforzo do propio persoal do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con contratos de interinidade por acumulación de tarefas e co programa especial de urxencias para que facultativos/as doutras áreas presten apoio e cubran o servizo de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As xornadas de traballo nestas urxencias hospitalarias, que se ven afectadas tamén polas reducións de xornada, as adecuacións de posto ou as incapacidades temporais ás cales teñen dereito os seus facultativos e facultativas, non se están a poder cubrir a través das listas de contratación. Como exemplo, este mes de xuño realizáronse chamamentos para cubrir seis vacantes e só foi atendido un, polo que o resto quedaron desertas.

Desta forma, as prazas de facultativos/as das urxencias hospitalarias de Ourense serán incluídas como postos de difícil cobertura, ao igual que xa teñen esta consideración todos os postos de facultativo/a especialista dos hospitais comarcais de Cee, O Barbanza, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras e O Salnés.

A aprobación do proxecto de lei por parte da Xunta requirirá a tramitación do correspondente procedemento legislativo no Parlamento de Galicia para a súa aprobación e posterior entrada en vigor, establecida para o día seguinte ao da publicación da lei no *Diario Oficial de Galicia*.

Melloras para o persoal de urxencias

A semana pasada, o Consello da Xunta aprobou un paquete de melloras laborais e retributivas para o persoal facultativo das urxencias hospitalarias das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de dar resposta ás demandas deste colectivo médico.

Entre outras medidas, no mes de xullo e de forma retroactiva desde o 1 de abril de 2026, aplicarase un incremento de 2 euros á hora da xornada complementaria, que acadará os 34,56 euros e, no ano 2027, engadirase un incremento adicional de 3 euros por hora, ata acadar os 37,56 euros.

De media, as melloras laborais e retributivas para este colectivo supoñen 3.560 euros máis ao ano para cada médico/a de urxencias.

No que respecta á dotación de persoal, o Servizo Galego de Saúde leva anos reforzando a capacidade das urxencias hospitalarias para responder axeitadamente ás necesidades asistenciais. Na actualidade, hai 149 prazas máis de médicos de urxencias nos hospitais públicos galegos que en 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CONCESIÓN DAS MEDALLAS CASTELAO 2026 Á FUNDACIÓN ANDREA, ESTEBAN BATALLÁN, MAR CAPEÁNS, ADRIÁN BEN E MARÍA BARALLOBRE

- Estes galardóns son un dos recoñecementos máis importantes que outorga a Comunidade
- A entrega terá lugar, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o nome dos cinco galardoados coas Medallas Castelao 2026, despois de que o Consello aprobase esta mañá concederlles ao músico Esteban Batallán Cons, á científica Mar Capeáns Garrido, ao atleta Adrián Ben, á propietaria dos restaurantes La Penela, María Barallobre, e á Fundación Andrea. Trátase dun dos recoñecementos máis importantes que outorga a Comunidade.

O Consello acordou recoñecer o traballo desde hai vinte anos da Fundación Andrea, entidade que apoia de xeito integral ás familias con nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais. A Fundación, liderada por Charo Barca tras o falecemento da súa filla Andrea, ofrece desde axudas económicas, a atención psicolóxica ou aloxamentos adaptados, preto do Hospital Clínico de Santiago, para as familias con rapaces ingresados. Ademais, tal e como resaltou o presidente, "fai un esforzo moi destacable por humanizar os espazos pediátricos dos hospitais".

No eido cultural, o Consello acordou recoñecer ao trompetista Esteban Batallán Cons (Barro, 1983) que conta cunha gran traxectoria internacional. Rueda lembrou que, logo de formarse na comunidade -nos conservatorios de Pontevedra e Vigo ou na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia-, "foi trompetista principal nas orquestras de Chicago e Hong Kong, entre outras" e "colaborou con orquestras sinfónicas de diferentes países". Na actualidade, Batallán é membro do departamento de trompeta en DePaul University (Chicago) e profesor da Civic Orchestra, na mesma cidade.

Outra das Medallas Castelao deste ano recae na doutora en Física Mar Capeáns Garrido (Santiago de Compostela, 1967), "unha das nosas científicas máis influentes", segundo destacou o presidente. A maioría da súa traxectoria profesional está ligada ao Consello Europeo para a Investigación Nuclear (CERN), o laboratorio de física de partículas máis grande do mundo e onde segue traballando. Conta con máis de 500 artigos científicos publicados e participa tanto na avaliación de programas de física de a partículas a nivel internacional como en programas da Comisión Europea.

No Deporte, o Consello aprobou conceder este ano a Medalla Castelao ao atleta Adrián Ben Montenegro (Viveiro, 1998), especializado nas carreiras de medio fondo. O lucense quedou quinto nos Xogos Olímpicos de Tokio 2020 na proba de 800 metros e gañou o Campionato de Europa en Pista Cuberta de 2023. Ademais, o pasado mes de febreiro proclamouse subcampión de España nos 1.500 metros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E, por último, a quinta Medalla Castelao 2026 recae na propietaria dos restaurantes La Penela, María Barallobre Tomé. Tras exercer a docencia durante case 30 anos, abriu o seu primeiro establecemento en Coirós, para continuar cun restaurante na Coruña e dar o salto tamén “a Madrid, Barcelona e París”, establecementos “que falan e moi ben da nosa gastronomía”.

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia ás personalidades e institucións que destacan polo seu traballo no eido artístico, literario, deportivo, económico ou intelectual. “A gala de entrega terá lugar o vindeiro 28 de xuño, como todos os anos, coincidindo co aniversario da aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia e do regreso á nosa comunidade dos restos mortais de Castelao”, explicou o presidente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE CARMEN GARCÍA MATEO COMO REITORA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Foi elixida pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 15 de maio
- É a primeira muller en asumir esta responsabilidade na institución viguesa e a segunda en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea reitora da Universidade de Vigo (UVigo) a profesora doutora Carmen García Mateo. Este nomeamento prodúcese despois de que gañase as eleccións ao reitorado o pasado 15 de maio. Carmen García Mateo sucede no cargo a Manuel Reigosa, que era reitor desde 2018. É a primeira muller en asumir esta responsabilidade na institución viguesa e a segunda en Galicia.

Nada en Vigo en 1963, é doutora e enxeñeira de Telecomunicación pola Universidade Politécnica de Madrid, aínda que desenvolve o seu labor na UVigo desde 1987, onde é profesora na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e catedrática de universidade no Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions. O seu traballo recente centrouse nos eidos de tecnoloxía da fala en galego e castelán, segmentación de audio e recoñecemento biométrico de persoas. Ata ser elixida reitora foi investigadora responsable do Grupo de Investigación en Tecnoloxías Multimedia do atlantTic (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación), un dos dez centros de investigación de excelencia que conforman a rede CIGUS. En 2014 foi distinguida co premio María Josefa Wonenburger.

É coautora de máis de 100 artigos en revistas e congresos internacionais e dirixiu 10 teses de doutoramento. Tamén foi investigadora visitante na California University-Santa Bárbara, na Michigan State University e en Bell Labs, todo iso nos EEUU, así como na Universidade de Canterbury, no Reino Unido. No ámbito da xestión universitaria, exerceu como vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea da UVigo entre 2006 e 2010.

A Xunta agradécelle a Manuel Reigosa o labor desenvolvido nestes últimos oito anos á fronte da UVigo, sempre coidando especialmente a perspectiva de sistema e a lealdade institucional. Neste período cómpre destacar o impulso definitivo ao Campus Auga, que acadou a acreditación da súa especialización, así como o inicio da construción da nova Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, en Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE TRES REESTRUTURACIÓNS PARCELARIAS EN AGOLADA

- Trátase das de Agra-O Sexo-Val de Sangorza; Basadre-Eidián-Ramil; e A Baíña-Berredo-Órrea
- Con esta medida, tomada consonte criterios técnicos, dáse un impulso clave ao desenvolvemento destes procesos, que foron solicitados polos propios veciños interesados
- Estas reestruturacións abranguen en conxunto preto de 4.500 hectáreas, distribuídas en algo máis de 25.000 parcelas e inclúen 117 explotacións activas, na súa maioría de vacún de leite e carne, porcino e –moi residualmente– de equino, ovino e cabrún
- No concello de Agolada leváronse a cabo un total de 13 procesos de concentración parcelaria, que afectaron un total de 5.323 hectáreas, pertencentes, en conxunto, a 2.121 propietarios, e nos cales se pasou de 19.605 parcelas de achega a 4.876 predios de substitución

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe declarar de utilidade pública tres reestruturacións parcelarias correspondentes a outras tantas zonas do concello pontevedrés de Agolada. Trátase das de Agra-O Sexo-Val de Sangorza; Basadre-Eidián-Ramil; e A Baíña-Berredo-Órrea. Así mesmo, decláranse as tres áreas como zonas de actuación agraria prioritaria.

Deste xeito dáse un impulso clave ao desenvolvemento destes procesos, que foron solicitados polos propios veciños interesados. Atendendo esta petición, fixéronse informes de avaliación da iniciativa, consonte criterios técnicos, todos eles con resultado positivo.

Así pois, con esta medida dáse pulo a tres procesos, que abranguen, en conxunto, preto de 4.500 hectáreas, distribuídas en algo máis de 25.000 parcelas. Nesta superficie hai un total de 117 explotacións activas, na súa maioría de vacún de leite e carne, porcino e –moi residualmente– de equino, ovino e cabrún. Delas, 36 explotacións están nos terreos da parcelaria de Agra-O Sexo-Val de Sangorza, outras 36 na de Basadre-Eidián-Ramil e 45 na da Baíña-Berredo-Órrea.

A parcelaria de Agra-O Sexo-Val de Sangorza acada unha superficie de 1.479 hectáreas, distribuídas nunhas 10.681 parcelas, que teñen unha superficie media de 1.385 m². A de Basadre-Eidián-Ramil ten unha superficie de 1.525 hectáreas distribuídas nunhas 4.492 parcelas cunha superficie media de 3.395 m². Por último, a da Baíña-Berredo-Órrea ten unha superficie de 1.487 hectáreas. Neste caso o terreo distribúese nunhas 9.835 parcelas cunha superficie media de 1.512 m².

No concello de Agolada leváronse a cabo un total de 13 procesos de concentración parcelaria: Brántega, Carmoega, Cornella, Esperante, Ferreiroa, Galegos-Eidián, monte

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da Lagoa, monte de Carral, monte de Merlín, monte de Quinteiro-Couso-Meixide, monte de Serra e Fontenla, Santa Comba-Belpellós e Trabancas. O desenvolvemento de todos estes procesos afectou un total de 5.323 hectáreas, pertencentes, en conxunto, a 2.121 persoas propietarias, e nos cales se pasou de 19.605 parcelas de achega a 4.876 predios de substitución.

Impulso da Xunta ás parcelarias

Con estas medidas, a Xunta segue intensificando o seu esforzo para impulsar as parcelarias, cunha partida orzamentaria que este ano alcanza os 16,7 millóns de euros para esta finalidade. No que vai de 2026 entregáronse os títulos dos procesos de Pereiro-Oirás (Alfoz) e de Xanceda-Mesía II (Mesía). A previsión é facer entrega de 25 parcelarias antes do ano 2028 e iniciar os trámites para decretar sete novas reestruturacións neste 2026, entre elas estas tres de Agolada.

Desde o ano 2020, a Xunta rematou un total de 39 concentracións parcelarias, que abranguen unha superficie total de máis de 27.000 hectáreas e beneficiou preto de 20.460 propietarios.

Este labor súmase ao pulo que se vén dando a outros instrumentos de mobilización previstos na Lei de recuperación da terra agraria, como os polígonos agroforestais, respecto dos cales está previsto entregar este ano os dous primeiros, que son os de Oímbra e Cualedro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA RECORRERÁ O REAL DECRETO SOBRE AS ZONAS DE ACELERACIÓN DE RENOVABLES POR INVADIR COMPETENCIAS AUTONÓMICAS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a presentación dun recurso ante o Tribunal Constitucional despois de coñecer que o ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia é favorable á viabilidade xurídica da iniciativa
- Considera que o Goberno central limita de forma inxustificada as atribucións que o Estatuto de autonomía lle recoñece á Comunidade en materias coma “a ordenación do territorio, o medio ambiente ou a enerxía”
- O presidente advirte que, na práctica, a normativa estatal “é tan detallada que non deixa marxe de manobra” ás comunidades para fixar as zonas de aceleración de renovables
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático resalta que se modifica o carácter da ferramenta cartográfica deseñada para localizar as zonas de maior sensibilidade ambiental que deben quedar excluídas da implantación das ZAR ao pasar de orientativa a obrigatoria
- A Xunta considera que o Executivo central recorreu de forma indebida á figura do real decreto lei para aprobar unha regulación de carácter estrutural e permanente cando o seu uso está indicado para situacións de extraordinaria e urxente necesidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello vén de autorizar presentar un recurso de inconstitucionalidade contra varios preceptos do real decreto lei polo que o Goberno central regula, entre outras cuestións, as denominadas zonas de aceleración de renovables (ZAR). “Entendemos que invade competencias autonómicas. A normativa é tan detallada nos requisitos fixados que, na práctica, non deixa marxe de manobra á Xunta para determinar onde están estas zonas”, indicou.

Nese senso, e despois de coñecer que o ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia é favorable á viabilidade xurídica da iniciativa, o Consello da Xunta aprobou hoxe a presentación ante o Tribunal Constitucional dese recurso contra o Real Decreto-lei 7/2026, de 20 de marzo, polo que se aproba o Plan Integral de Resposta á Crise en Oriente Medio. “É unha defensa do autogoberno galego nun sector tan sensible e importante como a enerxía”, indicou. Un recurso que se enmarca, segundo engadiu a conselleira de Medio Ambiente e Cambio climático, Ángeles Vázquez, na aposta da Xunta “polas enerxías renovables e defender a transición enerxética e a loita contra o cambio climático”.

Rueda salientou que o Estatuto de Autonomía de Galicia lle recoñece á Comunidade “competencias en materias coma a ordenación do territorio, o medio ambiente, a tramitación administrativa ou a enerxía”, mentres que a Constitución reserva ao Estado a aprobación da lexislación básica nestas materias, pero tamén garante que as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comunidades autónomas poidan desenvolver esa normativa e adaptala ás particularidades do seu territorio.

Nesa liña, a Xunta considera que con este real decreto lei o Goberno central excede as súas competencias e limita de forma inxustificada as atribucións que o Estatuto de autonomía de Galicia lle recoñece á Comunidade, xa que regula aspectos cun nivel de detalle tan elevado que impide ese desenvolvemento autonómico e baleira de contido competencias que lle corresponden a Galicia.

Así, o Goberno central establece un conxunto tan amplo de condicións, limitacións e procedementos que, na práctica, o espazo real de decisión de Galicia queda totalmente reducido. Ademais, modifícase o carácter da ferramenta cartográfica deseñada para localizar as zonas de maior sensibilidade ambiental que deben quedar excluídas da implantación das ZAR, que, cómpre lembrar, son áreas xeográficas identificadas como especialmente adecuadas para a implantación de proxectos renovables, co obxectivo de simplificar e axilizar os procedementos de autorización.

A conselleira lembrou que esta ferramenta cartográfica foi creada como un instrumento técnico "orientativo" para ofrecer información ambiental básica, facilitar a toma de decisións e apoiar a planificación. En cambio, o real decreto-lei convértea agora nunha limitación obrigatoria ao establecer que en ningún caso poderán formar parte dunha ZAR aquelas zonas que aparezan identificadas nesa cartografía estatal.

Polo tanto, unha ferramenta pensada só para orientar e complementar a planificación autonómica convértese así nun instrumento vinculante que condiciona directamente a capacidade de Galicia para ordenar o territorio. De feito, segundo os cálculos da Xunta, as zonas susceptibles de ser declaradas ZAR en Galicia sumarían en total só 47 km², o que equivale aproximadamente "ao 0,16% de todo o territorio galego", "e sería dunha forma dispersa", lamentou a conselleira.

Nese senso, a normativa europea que introduce as Zonas de Aceleración de Renovables establece que os Estados membros deben identificar estas áreas tendo en conta criterios ambientais, territoriais e patrimoniais, deixando marxe para que as autoridades competentes adapten esa planificación ás características de cada territorio. Na opinión da Xunta, o Real decreto lei estatal non respecta ese equilibrio e centraliza decisións que deberían corresponder, en boa medida, ás comunidades autónomas.

A maiores, o Executivo galego indica que o Goberno central recorreu de forma indebida á figura do real decreto lei para aprobar unha regulación de carácter estrutural e permanente. As medidas relativas ás ZAR non responden a unha situación de extraordinaria e urxente necesidade, requisito esixido pola Constitución para utilizar este instrumento legislativo. Pola contra, establecen un novo modelo regulador con vocación de permanencia que debería terse tramitado como un proxecto de lei, permitindo o debate parlamentario e a participación dos órganos consultivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, a Xunta considera necesario acudir ao Tribunal Constitucional para defender o ámbito competencial de Galicia e garantir que o despregamento das enerxías renovables avance desde o respecto ao modelo territorial establecido na Constitución e ao autogoberno da Comunidade Autónoma.

A Xunta considera especialmente relevante preservar a capacidade da Comunidade para decidir como se planifica o desenvolvemento das enerxías renovables, tendo en conta as singularidades do territorio, a protección do patrimonio natural, a ordenación da paisaxe, a actividade económica e os intereses da veciñanza das zonas afectadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESTINARÁ 805 M€, UN 20 % MÁIS, PARA CONVERTER A BIOTECNOLOXÍA GALEGA NUN REFERENTE INTERNACIONAL

- Rueda destaca que o obxectivo é aumentar un 30 % a facturación ata os 2.650 M€ e propiciar que o número de entidades e empresas activas acade as 200, un 23,5 % máis
- O Consello aproba a nova Estratexia da biotecnoloxía en Galicia 2026-2030, un ambicioso documento para a I+G+i froito do consenso entre a Xunta e o sector
- Prevese un investimento público de 572 M€ e un capital privado de 233 M€ para dar o salto definitivo en excelencia científica, competitividade, escalado e proxección
- Búscase xerar coñecemento transferible de alto valor e atraer talento e investimento de primeiro nivel logo dunha década de traballo que consolidou este sector
- A nova factoría europea de IA que acollerá Galicia, e que estará especializada na saúde humana, animal e ambiental, actuará como eixe tractor para aplicar capacidades de supercomputación e IA aos principais subsectores *biotech* galegos
- O seu despregamento permitirá acelerar a adopción de solucións intelixentes por parte de empresas, centros de investigación e sistema sanitario, entre outros
- Por primeira vez, o sector contará cunha convocatoria de axudas específica no marco desta estratexia, cuxo lanzamento está previsto para o vindeiro outono

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a nosa comunidade destinará 805 millóns de euros, un 20% mais, a converter a biotecnoloxía galega nun referente nacional.

Este sector converteuse na última década nun dos piares da I+G+i e agora precisa dar o salto definitivo e acadar unha excelencia para a cal está preparado. Con esta finalidade, o Consello da Xunta aprobou hoxe a nova Estratexia da biotecnoloxía de Galicia 2026-2030, froito do traballo dialogado entre administracións, empresas, universidades e os distintos integrantes deste ecosistema innovador polo que a Xunta “leva anos apostando”, tal e como sinalou o titular do Executivo galego.

O obxectivo é ambicioso tanto en cifras coma en alcance territorial, coa finalidade de competir coas mellores biorrexións europeas nos mercados globais, liderar axendas científicas de impacto internacional, xerar coñecemento transferible de alto valor e atraer talento e investimento de primeiro nivel, é dicir, converter a biotecnoloxía galega nunha referencia consolidada. Así, ao longo dos vindeiros cinco anos despregáranse 572 M€ de investimento público e 233 M€ de capital privado ata os 805 M€ previstos.

Con esta planificación, o Goberno galego busca elevar o sector a outro nivel, propiciando unha nova fase na Galicia Calidade. Para iso, establece cinco eixes de traballo: excelencia científica, talento e liderado, aceleración e escalado industrial,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ecosistema de datos e biointelixencia, financiamento e investimento estratéxico e posicionamento internacional. A eles engádesse un sexto eixe transversal de gobernanza.

A nova Estratexia de biotecnoloxía en Galicia 2026-2030 non parte de cero, xa que este sector foi unha aposta decidida da Xunta desde 2015 como motor de transformación económica e social. Grazas a isto, ata 2025 Galicia conseguiu afianzar este ecosistema. Na actualidade, o sector conta con 162 entidades activas e, en 65 destas empresas, a biotecnoloxía é actividade principal, cunha facturación do sector superior a 2.000 M€, 5.693 empregos e 1.398 investigadores dedicados a este eido en xornada completa.

Precisamente, o presidente apuntou que un dos obxectivos deste novo plan é “incrementar nun 30 % a facturación do sector en Galicia”, que pasarán de algo máis de 2.000 M€ actuais a 2.650 M€ en cinco anos. Pola súa vez, establécese unha meta de 200 entidades actividades, é dicir, unha suba do 23,5 %, o que consolidará así a Galicia como segunda Comunidade máis emprendedora tras Cataluña.

Catro subsectores complementarios

O mandatario galego sinalou que a nova estratexia define “catro sectores estratéxicos”, unha novidade respecto a documentos anteriores para trasladar unha imaxe máis integrada e coherente coas prioridades actuais e en liña coas capacidades de Galicia, coas principais tendencias de especialización e coas oportunidades de futuro identificadas. Serán, en concreto, as seguintes: recursos mariños e economía azul, saúde e farmacia, bioeconomía, ambiente e sustentabilidade forestal e, finalmente, agroalimentación e *foodtech*.

O primeiro deles busca integrar as capacidades científico-tecnolóxicas, produtivas e de innovación vinculadas ao medio mariño, mentres que o segundo aproveitará a forte converxencia en coñecemento, infraestruturas, capacidades e oportunidades de desenvolvemento arredor da saúde humana, a innovación biomédica e a medicina de precisión. Pola súa banda, o terceiro subsector integra a produción forestal co ambiente, a economía circular e a bioenerxía. O último nace de unir a alimentación funcional para a saúde e o envellecemento activo, un ámbito vinculado ás novas demandas do mercado en saúde, benestar e envellecemento saudable.

Fábrica de IA especializada en saúde

Na actualidade, o escenario internacional é propicio para que Galicia dea este paso adiante. A Comisión Europea acaba de situar a biotecnoloxía e os elementos asociados a ela como piares centrais da transición ecolóxica e a modernización económica, cun compromiso cara ao liderado global e a excelencia científica, elementos que a I+G+i está en condicións de capitalizar desde a madurez do seu talento e das súas infraestruturas.

A fortaleza e o potencial do sector levou precisamente a que Galicia fose escollida para acoller unha das 19 fábricas de IA concedidas en todo o continente. É un fito moi importante, que combina intelixencia artificial e biotecnoloxía, e que abordará os retos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da saúde dun xeito integral: humana, animal e ambiental. Nestes momentos, estase a iniciar o proceso para a contratación dos primeiros perfís profesionais co fin de estar operativa en 2028.

O plan quinquenal aprobado inclúe precisamente a converxencia entre biotecnoloxía, intelixencia artificial e datos avanzados como unha das grandes oportunidades estratéxicas de Galicia. Así, a factoría europea, bautizada como *1HealthAI*, actuará como infraestrutura tractora para aplicar capacidades de supercomputación e IA aos principais subsectores *biotech* galegos. O seu despregamento permitirá acelerar a adopción de solucións intelixentes por parte de empresas, centros de investigación e sistema sanitario. O obxectivo é consolidar Galicia como nodo europeo avanzado na integración de biotecnoloxía, intelixencia artificial e dato de saúde.

Ademais, co obxectivo de apoiar a colaboración e a transferencia, no marco desta estratexia convocarase por primeira vez unha liña de axudas específica para o sector biotecnolóxico, que se lanzará en outono. Son axudas para proxectos de I+D biotecnolóxicos, dirixidas a fomentar a cooperación entre pemes e demais axentes do sistema de innovación para desenvolver solucións innovadoras en biotecnoloxía. Tamén haberá unha *Business Factory* ou aceleradora empresarial especializada grazas ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Proceso de elaboración e antecedentes

Esta estratexia, elaborada entre a Axencia Galega de Innovación e Bioga, o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, é o resultado dun proceso participativo e dun compromiso colectivo. Recolle a visión dos principais membros do ecosistema, un total de 125 representantes de universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, clústeres, investidores, Administración e empresas para responder á convicción de que Galicia pode e debe ocupar unha posición de referencia internacional na biotecnoloxía, polo xa conseguido e polo que está en condicións de construír nos vindeiros anos.

Ata o momento, o sector biotecnolóxico galego contou con dúas estratexias previas. Coa Estratexia de impulso á biotecnoloxía 2016-2020, con 262 M€ mobilizados, sentáronse as bases dun sector con proxección de futuro, ao se centrar na investigación básica e aplicada, o impulso á transferencia de tecnoloxía e a creación de novas empresas. Segundo lembrou tamén Rueda, a segunda folla de ruta foi a Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia 2021-2025, á cal se destinaron 670 M€, e que supuxo “duplicar o número de empresas biotecnolóxicas en Galicia e triplicar os empregos”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 5 M€ Á MODERNIZACIÓN DE CENTROS DE MAIORES E DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE XESTIONADOS POR ENTIDADES

- O Consello aproba convenios con Amicos, a Fundación San Rosendo e a Fundación Benéfico-Asistencial Valdegodos para a compra de material tecnolóxico e para actuacións de mellora nas súas residencias
- Tamén autoriza un acordo con Prodeme para a construción de vivendas adaptadas e un centro ocupacional

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura de cinco convenios da Consellería de Política Social e Igualdade con catro entidade que traballan no ámbito da atención ás persoas maiores e con discapacidade: Amicos, Prodeme, a Fundación San Rosendo e a Fundación Benéfico-Asistencial Valdegodos. O Executivo autonómico destina a estes acordos unha contía total de 5,1 millóns de euros, co obxectivo de impulsar a modernización tecnolóxica dos servizos que xestionan estas entidades e financiar a construción de vivendas residenciais adaptadas e dun centro ocupacional.

A colaboración con Amicos ten como finalidade ampliar a capacidade tecnolóxica desta entidade do Barbanza dedicada á atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo e parálise e dano cerebral. A achega da Xunta é de preto de 600.000 euros que, máis en concreto, a asociación investirá en equipar a ampliación do seu fogar residencial e en adquirir material informático, dispositivos móbiles, recursos audiovisuais, sistemas de videoconferencia e pantallas interactivas accesibles.

Os fondos deste convenio tamén se aproveitarán para incorporar tecnoloxías de robótica aplicada ás terapias de rehabilitación física, de estimulación cognitiva e de adestramento sensoriomotriz. E, ademais, permitirán actualizar e ampliar as salas e sistemas de estimulación multisensorial.

Dentro da área de atención á discapacidade, tamén se autorizou un convenio coa Fundación San Rosendo por un importe de algo máis dun millón de euros para a compra de equipamento tecnolóxico para os seus centros. Isto inclúe material de apoio para as actividades básicas da vida diaria e para o descanso e mobilización das persoas usuarias, tales como camas eléctricas, guindastres e padiolas hidráulicas.

Melloras en centros residenciais

O Consello aprobou un segundo convenio coa Fundación San Rosendo, neste caso no eido das persoas maiores. A finalidade é contribuír á posta en marcha dunha nova residencia con 45 prazas na cidade da Coruña e á actualización tecnolóxica da residencia Os Gozos, no Pereiro de Aguiar. O custo total destes dous proxectos ascende a 3,8 millóns de euros, dos cales a Xunta achega algo máis dun millón de euros e o resto é asumido pola Fundación San Rosendo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No centro residencial da Coruña, a actuación ten por finalidade completar a rehabilitación e ampliación do inmovible, así como dotalo do equipamento necesario para a súa entrada en servizo. Pola súa banda, na residencia Os Gozos modernizaranse os sistemas de comunicación entre pacientes e persoal de enfermaría, ademais de se incorporaren ferramentas dixitais de apoio á organización dos coidados, ao rexistro das tarefas, á comunicación interna e ao seguimento dos procesos do centro.

A Fundación Benéfico-Asistencial Valdegodos é outra das entidades coas cales se asinará un convenio para avanzar na reforma da Residencia Virxe dos Milagres, en Vilamartín de Valdeorras. O obxectivo desta intervención é adaptar este centro ao novo modelo residencial, coa creación de unidades de convivencia.

As obras consistirán na reforma dos andares terceiro e cuarto do equipamento e, con elas, mellorarase a funcionalidade, a accesibilidade, a seguridade, a habitabilidade e o confort dos residentes. O orzamento total desta reforma é de case tres millóns de euros, dos cales a Xunta financia 500.000 euros e o resto corre a cargo da entidade.

Actuacións en Monforte de Lemos

Por último, o Consello da Xunta aprobou un convenio con Prodeme por valor de dous millóns de euros dirixido a financiar dúas actuacións en Monforte de Lemos: a construción de vivendas adaptadas e dun centro ocupacional.

A través deste acordo, o Executivo autonómico sufragará os gastos derivados da construción dunha edificación con 34 vivendas para persoas con discapacidade no núcleo urbano do concello lucense. Tamén se financiará a execución dun centro ocupacional no polígono industrial de Reboredo, no cal persoas con discapacidade intelectual traballarán no aproveitamento industrial da biomasa e en procesos de tratamento da madeira.

Os máis de cinco millóns de euros que a Xunta inviste neses convenios de colaboración son fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Next Generation EU).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DIRECTOR DA INDUSTRIA FORESTAL, QUE CONTARÁ CON 88 MEDIDAS E 114 M€ PARA CONSOLIDAR O SECTOR NO ÁMBITO INTERNACIONAL

- O Goberno galego promove a incorporación de novas tecnoloxías, a automatización dos procesos produtivos e a transformación dixital das pemes e microempresas da cadea de valor forestal-madeira
- A follla de ruta aposta polo uso da madeira como materia prima estratéxica para avanzar cara a unha industria máis sostible e competitiva
- Entre as actuacións previstas ata 2028 destacan a incorporación da intelixencia artificial, os sistemas de rastrexabilidade avanzada, a posta en marcha de obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística ou a ecoinnovación e o reforzo da internacionalización das empresas
- A cadea monte-industria representa arredor do 1,6 % do PIB galego, factura preto de 3.000 millóns de euros ao ano e xera máis de 14.000 empregos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan director da industria forestal-madeira 2026-2028, a primeira gran follla de ruta para consolidar un sector clave para a economía galega e reforzar a súa posición como referente nacional e internacional. O plan mobilizará preto de 114 millóns de euros e inclúe 88 medidas orientadas a impulsar a innovación, a dixitalización, a sustentabilidade e a competitividade das empresas co obxectivo de xerar emprego estable, de calidade e de alto valor engadido.

A industria forestal-madeira foi declarada sector estratéxico pola Xunta en 2024, en recoñecemento ao seu peso económico e á súa capacidade de vertebrar o territorio. Na actualidade, a cadea monte-industria representa arredor do 1,6 % do PIB galego, factura preto de 3.000 millóns de euros ao ano e xera máis de 14.000 empregos a través dun tecido formado por arredor de 1.800 empresas. Ademais, presenta o 5,5 % da cifra de negocio total da nosa industria e representa máis do 30 % dos establecementos en 52 dos 313 concellos de Galicia.

Con base nestes datos, o Goberno galego elaborou un plan director en colaboración cos principais axentes da industria forestal –empresas, traballadores, agrupacións industriais, centros tecnolóxicos– que recolle cinco eixes de actuacións e sete ámbitos de prioridades que, pola súa vez, inclúen unha batería de 88 medidas en ámbitos tan diversos coma a internacionalización, a dixitalización, a competitividade ou a innovación.

Entre as actuacións previstas para executar ata 2028 destacan o impulso á automatización dos procesos produtivos e á incorporación da intelixencia artificial nas empresas, pemes e microempresas, a creación de obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística, o apoio a proxectos de ecoinnovación e segunda transformación da madeira, a promoción de ferramentas colaborativas sectoriais e o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reforzo da internacionalización para abrir novas oportunidades de negocio nos mercados exteriores.

Igualmente, promoverase a implantación de sistemas de rastrexabilidade avanzada e fomentaranse encontros entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implantación de ferramentas colaborativas sectoriais nos eidos da dixitalización ou a loxística avanzada, susceptibles de optar ás axudas tanto galegas coma estatais.

O documento tamén aposta por impulsar o uso da biomasa, facilitar o acceso ao financiamento, promover a madeira como material estratéxico na construción e avanzar na valorización dos recursos forestais baixo criterios ambientais e sociais.

O plan prevé un sistema de gobernanza para asegurar a súa correcta execución e seguimento en que se garanten a coordinación e a participación das entidades e axentes económicos e sociais que participaron na súa elaboración. Deste xeito, poderanse adaptar ou redefinir os obxectivos, de maneira que os axustes realizados se plasmarán nas futuras actualizacións e modificacións do dito plan que se consideren necesarias facer.

O Plan director da industria forestal artículase de forma complementaria co Plan forestal de Galicia, co obxectivo de asegurar unha adecuada coordinación entre ambos os instrumentos estratéxicos, o que evitará duplicidades e reforzará a coherencia das políticas públicas.

Outros oito sectores estratéxicos

Ata o de agora, o Goberno galego declarou oito sectores como estratéxicos para a economía, ademais do sector forestal. Son os seguintes: a automoción e a construción naval, que xa contan con cadanseu plan director aprobado; a industria das TIC, o sector da industria alimentaria, o da función loxística, a industria da construción, a metalmecánica e o sector téxtil e da confección.

A elaboración dos plans directores dos sectores declarados estratéxicos forma parte da estratexia de promoción industrial da Consellería de Economía e Industria e complementa o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais co obxectivo de facilitar o proceso de transformación das industrias galegas e impulsar novas oportunidades de negocio que xeren riqueza e emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO DE TRAZADO PARA EXECUTAR A VARIANTE DE CARBALLO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 22 M€

- Trátase de crear unha vía de novo trazado para dar saída directa ao polígono industrial de Carballo cara ás estradas de Ordes e Santiago, con fin de evitar o tráfico pesado pola trama urbana
- A estrada divídese en dous tramos: un primeiro, de 2.850 m de lonxitude entre a AC-552 e a AC-413, e o segundo, de 800 metros entre a AC-413 e a DP-1914
- Entre as estruturas previstas están un viaduto sobre o río Anllóns, dous pasos superiores e un paso inferior, un muro de contención e un marco para o rego Añón
- Construiranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior e interior e berma, nas interseccións coa AC-413 e DP-1914
- A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública
- O obxectivo da Xunta é continuar coa redacción do proxecto construtivo con que se materializará a execución das obras

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de trazado da variante de Carballo, cuxa execución suporá un investimento estimado de máis de 22 M€.

O obxectivo do Goberno galego é o desenvolvemento dunha estrada de novo trazado que sirva de variante polo sueste ao núcleo urbano de Carballo. Permitirá a conexión do parque empresarial de Bértoa, a AC-552 e o enlace Carballo leste da AG-55 coas estradas DP-1914 e AC-413, situadas ao sur e sueste de Carballo.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública. Unha vez aprobado definitivamente o proxecto de trazado, continuarase coa redacción do proxecto construtivo con que se materializará a execución das obras.

O trazado

Trátase de crear unha variante de poboación pola zona leste que capte e canalice os tráfico de medio e longo percorrido do parque empresarial e a zona norte de Carballo cara a Santiago de Compostela pola estrada provincial DP-1914, e cara a Ordes e a N-550 empregando a AC-413, co fin de evitar deste xeito que atravesen a trama urbana de Carballo.

Con esta actuación darase un servizo máis directo ao polígono de Bértoa, que xera gran parte da actividade económica de Carballo e da súa mobilidade, ademais de evitar o tránsito de mercadorías polo centro urbano de Carballo. Isto permitirá

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

evitar a circulación dos vehículos pesados, en concreto, na zona do instituto Alfredo Brañas, do colexio infantil e de primaria Fogar e da zona do complexo deportivo.

A intensidade media do tráfico no ano horizonte 2045 estímase que oscilará entre os 8.747 e os 11.360 vehículos/día, dependendo do treito.

As actuacións deseñadas prevén unha estrada de novo trazado e velocidade de proxecto 80 km/h. As conexións con outras estradas resólvense a nivel mediante glorietas. A estrada estará valada e non se permitirán os accesos, salvo nas glorietas que delimitan os treitos do trazado.

No proxecto aprobado hoxe o trazado da nova estrada en planta estrutúrase en dous tramos, que teñen orixe e final nas interseccións a nivel previstas en forma de glorieta. En concreto, o primeiro treito, cunha lonxitude de 2,8 km, iníciase nunha nova glorieta situada na AC-413 e discorre en dirección NE, e finaliza na glorieta existente na AC-552. O segundo treito de novo trazado, de 0,8 km, iníciase na DP-1914 e finaliza nunha nova glorieta na AC-413.

A lonxitude acada así algo máis de 3,6 quilómetros, cunha sección tipo xeral de 2 carrís de 3,50 metros, máis 2 beiravías de 1,5 m e bermas de 1 m.

As estruturas que se van desenvolver inclúen un viaduto sobre o río Anllóns de 340 m de lonxitude, dous pasos superiores sobre a variante no treito entre a AC-413 e a AC-552; un paso inferior baixo a variante no tramo entre a DP-1914 e a AC-413, de dimensións interiores 10 x 4,5 m.


Tamén se prevé un muro de contención no treito final da variante, na marxe dereita no punto de conexión coa AC-552, e un marco para o rego Añón, no treito entre a AC-413 e a AC-552, de dimensións interiores 6 x 3,5 m.

Con respecto ás glorietas, construíranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior de 1,5 m, beirarrúa interior de 1 m e berma de 1 m nas interseccións coa AC-413 e DP 1914.

O Goberno galego segue avanzando no impulso de infraestruturas que permitan unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

Trazado da variante de Carballo aprobado hoxe polo Consello da Xunta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DA BOLA PARA ACOMETER A HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DE SANTA BAIA DE BERREDO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 260.000 €

- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, máis de 182.000 euros, e contratará e executará as obras
- Proxéctase intervir nos lugares de Anxá e A Eirexa
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co cal se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade
- O Goberno galego traballa coas entidades locais no impulso de accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do Convenio de colaboración co Concello da Bola para a execución das obras de humanización do contorno de Santa Baia de Berredo, que suporá un investimento total de algo máis de 260.000 euros (260.513,94 €).

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación, achegará o 70 % do orzamento desta intervención, con máis de 182.000 euros, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello da Bola asumirá o 30 % restante do custo das obras, algo máis de 78.000 euros, así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e a incorporación ao patrimonio público municipal das actuacións que se leven a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, proxéctase intervir nos lugares de Anxá e A Eirexa.

Trátase de actuar en dous camiños desta parroquia de Berredo que comunican desde a estrada autonómica ata a capela situada no lugar de Anxá e a igrexa parroquial, no lugar da Eirexa.

Os tramos das vías sobre os cales se propón a actuación nestes momentos comparten o uso peonil co tráfico rodado. A través da intervención, trátase de dotalos dun novo pavimento, dado que o acabado con que contan na actualidade está deteriorado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro deste ano.


Estas actuacións enmárcanse na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización, ao se converteren en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

Planos da zona da actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COOPERA CO CONCELLO DO PORRIÑO NA MELLORA URBANA, PAISAXÍSTICA E DE ACCESIBILIDADE DO PARQUE ALCALDE ORDÓÑEZ, CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 485.000 €

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo cal cofinanciará esta actuación, cunha achega autonómica que rolda os 340.000 euros
- Trátase de transformar o espazo existente –actualmente degradado e pouco funcional– nun parque seguro, plenamente accesible, comfortable climaticamente e cunha identidade paisaxística vinculada ao territorio
- A execución das obras enmárcase no Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego con que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do Acordo de colaboración co Concello do Porriño para financiar a execución das obras de mellora urbana, paisaxística e de accesibilidade do parque Alcalde Ordóñez, que suporá un investimento conxunto de algo máis de 485.000 euros.

A través desta cooperación, trátase de transformar o espazo existente –actualmente degradado e pouco funcional– nun parque seguro, plenamente accesible, comfortable climaticamente e cunha identidade paisaxística vinculada ao territorio.

O ámbito de actuación ocupa 2.210 m² na intersección da rúa Antonio Palacios coa rúa Tarela, o que conforma un rúeiro triangular. O estado actual presenta un parque pechado, con pouca visibilidade desde o exterior, pavimentos deteriorados, accesos non adaptados e escasa iluminación.

Para iso, as actuacións propostas para executar incrementarán a seguridade de uso, abrindo visuais e eliminando puntos mortos, e garantirán a accesibilidade universal no conxunto do parque mediante itinerarios continuos e ramplas adecuadas.

Na intervención, tamén se reforzará o dosel arbóreo, que xerará sombra natural e mellorará o confort térmico, e aumentará a permeabilidade do solo mediante pavimentos drenantes e subbases recicladas.

Ademais, integraranse elementos de auga que actúen coma reguladores térmicos e tamén espazos de xogo ou contemplación.

Reutilizaranse e reciclaranse os materiais existentes, especialmente pedra e áridos, o que reducirá o impacto ambiental e reforzará a identidade local vinculada ao granito do Porriño.

En definitiva, o proxecto que se vai executar integrará o parque como unha bisagra verde urbana, que conectará transversalmente tecidos urbanos e reforzará a rede ecolóxica municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Financiamento

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, cun investimento de máis de 340.000 euros, e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello do Porriño achegará o 30 % restante do custo das actuacións (145.601,44 €), realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

O acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico enmárcase no Plan Hurbe, o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, coincidentes neste caso coa realización de actuacións de mellora de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A través de liñas de colaboración cos concellos, como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da Comunidade Autónoma como motores de dinamización, ao se converteren en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

O convenio autorizado hoxe no Consello da Xunta, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2027.

Imaxes:

PLANO REPRESENTATIVO



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO PARA 300 VIVENDAS EN CANGAS DE MORRAZO

- A totalidade das vivendas serán protexidas e terán cualificación permanente
- Con este xa son 14 os proxectos de interese autonómico que se encontran nalgunha fase de tramitación
- En total prevese desenvolver solo para 25.000 vivendas, das cales 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta tomou razón do inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no concello de Cangas de Morrazo, unha vez que enviou a súa conformidade ao proxecto de interese autonómico (PIA).

Este acordo ten como obxectivo así o inicio da tramitación do PIA dentro do ámbito previsto no planeamento xeral do concello de Cangas de Morrazo como solo urbanizable delimitado (SAUR 2), cunha superficie total de 66.300 metros cadrados. Para a elección deste ámbito tivéronse en conta os previstos polo planeamento vixente e realizouse unha análise técnica da súa viabilidade.

O referido ámbito conta cos seguintes límites: norte, camiño e rotonda da Rúa; sur, vivendas, terreos e centro de día de Cangas, xunto á estrada autonómica PO-551; leste, estrada autonómica PO-554; oeste, barrios do Espírito Santo e do Rapadouro. O ámbito é atravesado de norte a sur polo rego das Saíñas, elemento natural vertebrador dun gran parque fluvial que constituirá o eixe da ordenación.

O número estimado de vivendas para promover na superficie do SAUR 2 As Saíñas é de 300 vivendas protexidas (100 %).

Con este de Cangas de Morrazo son xa 14 os PIA, dos cales 7 contan xa con aprobación inicial: Lugo, Vigo (Ofimático), Arteixo, Ourense, Pontevedra, A Coruña e Santiago de Compostela. Ademais, están en diversas fases de tramitación os PIA de Vigo (Cantabria-Ramón Nieto-Santa Cristina), Vilagarcía de Arousa, Marín, O Porriño, Ribadeo e Sanxenxo.

O obxectivo dos PIA é desenvolver solo para 25.000 novas vivendas, das cales 20.000 serán protexidas, e centraranse nas grandes cidades e nas súas áreas de influencia, onde se concentra a meirande parte da demanda de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR PRETO DE 2,6 M€ A CONSTRUCCIÓN DE 13 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA RÚA AS DEVESAS, EN PONTEVEDRA

- As vivendas construíranse nunha parcela cedida polo concello
- A Xunta está a desenvolver un total de 306 vivendas de promoción pública na cidade, ás que se engadirán as 2.010, o 80% protexidas, do PIA de San Mauro
- Construíranse con cargo a recursos propios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a próxima licitación do contrato de obras para a construción de 13 vivendas de promoción pública (VPP) que se constrúan nunha parcela da rúa As Devesas, en Pontevedra, cedida polo concello. O importe de licitación do contrato será de 2.574.338,10 euros.

As vivendas construíranse seguindo o proxecto redactado por UTE M Vázquez Fariña-Rodríguez Fontán, adxudicado por 100.000 euros, disporá de 13 VPP, garaxes, rochos e dous locais comerciais contará con soto, planta baixa, tres plantas altas e un baixo cuberta.

A distribución de edificio prevé, na planta soto: 1 rocho e 13 prazas de garaxe; e na planta baixa, os dous portais de acceso, un almacén de residuos, locais de instalacións, reserva centro de transformación e dous locais comerciais.

Nas plantas 1ª a 3ª, haberá, en cada planta, tres vivenda de dous dormitorios e 1 vivenda de tres dormitorios. Ademais, na planta baixo cuberta haberá 1 vivenda de tres dormitorios e 12 rochos.

A promoción realizarase con recursos propios.

Requisitos

Para acceder á estas vivendas é requisito imprescindible estar inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda para o concello de Pontevedra como municipio preferente, residir ou traballar neste concello, sendo os adxudicatarios elixidos mediante sorteo ante notario. Tamén deberán carecer de vivenda en propiedade e acreditar ingresos ponderados por unidade familiar ou convivencial.

A este respecto, o Goberno galego traballa para que máis persoas poidan optar á vivenda pública. E ten impulsando e en marcha as novas medidas, como a reserva do 30% en venda para persoas de entre 36 e 45 anos, con fillos; e o aumento do limiar máximo de renda ata 4 veces o Iprem, 4,5 en familias numerosas.

En marcha 306 VPP

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Pontevedra a Xunta ten en marcha, en distintas fases de desenvolvemento un total de 306 VPP, incluíndo o contrato autorizado hoxe. Deste cómputo total, 181 corresponden a solo propio da Xunta e 125 a parcelas cedidas polo Concello.

Na cidade, a Xunta tamén está a desenvolver o proxecto de Interese Autonómico (PIA) no ámbito de San Mauro para impulsar a construción de 2.010 vivendas, o 80% protexidas; dento da Estratexia Galega de Solo Residencial, coa que se propón construír 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas.

A Xunta mantén o compromiso de duplicar o parque de vivenda pública no período 2024-2028 para chegar ás 8.000 vivendas de promoción pública e a previsión do Pacto de Vivenda de Galicia 2026-2030 de chegar a 10.000 vivendas públicas no ano 2030.

Infografías:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR MÁIS DE 55,6 M€ DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE AÉREO, QUE CUBRIRÁ HORARIO NOCTURNO POR PRIMEIRA VEZ

- O 061 contará cun novo helicóptero coa capacidade e tecnoloxía para atender enfermos de noite e en condicións meteorolóxicas adversas
- Incrementarase, ademais, o número de horas anuais de prestación do servizo con respecto ao contrato actual
- O novo contrato permitirá a dotación de aeronaves de maiores prestacións, que aumentan a seguridade e o confort das tripulacións e dos pacientes
- No que vai de ano 2026 os helicópteros da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 realizaron máis de 324 mobilizacións, que no ano 2025 alcanzaron un total de 820

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario urxente aéreo da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 por un importe de 55,6 millóns de euros e un valor estimado de 66,8 millóns para os vindeiros oito anos.

Entre as novidades que incorporará o novo contrato destaca que fará posible que a sanidade pública galega conte, por primeira vez, cun helicóptero do 061 dispoñible en horario nocturno, que terá base en Santiago. Así, a previsión é que, tras un período de transición de 20 meses, a empresa adxudicataria incorpore unha aeronave con capacidade e tecnoloxía para atender enfermos tanto de noite coma en condicións meteorolóxicas adversas.

Ademais, o novo contrato de transporte sanitario urxente aéreo suporá un incremento das horas anuais de prestación do servizo.

A Consellería de Sanidade abriu a finais do pasado ano un proceso de licitación do servizo de transporte sanitario urxente aéreo que tivo que ser declarado deserto tras presentarse unha única oferta que non resultou admitida. O Consello da Xunta autoriza agora a apertura dun novo procedemento para a súa adxudicación coa previsión de que o servizo poida entrar en funcionamento con numerosas melloras no último trimestre deste ano.

O servizo seguirá a estar coordinado pola Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia-061, que durante o ano 2025 levou a cabo 820 mobilizacións das aeronaves, para dar unha resposta rápida e axeitada ás urxencias sanitarias na nosa Comunidade. No que vai de ano os recursos aéreos da sanidade pública galega rexistraron máis de 324 mobilizacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas cifras reflicten a importancia do transporte sanitario aéreo da Xunta, un servizo que constitúe un complemento de especial valor para o sistema sanitario público e para a atención integral dos pacientes.

O transporte e a asistencia sanitaria aéreos inclúen o uso de dous helicópteros, con base en Santiago de Compostela e en Ourense, así como as tripulacións especializadas e a loxística necesaria para o seu desenvolvemento.

Melloras cuantitativas e cualitativas

O novo contrato do servizo de transporte sanitario urxente aéreo incluírá un conxunto de melloras de tipo cualitativo e cuantitativo.

Así, a incorporación dos voos nocturnos a partir do vixésimo primeiro mes de contrato suporá a ampliación do número de horas efectivas anuais deste servizo asistencial.

Neste sentido, o helicóptero con base en Santiago de Compostela, unha vez cumprido ese prazo, verá estendida a súa actividade ao pasar do actual horario, de orto a ocaso, ata un servizo de 24 horas continuadas.

Pola súa banda, o helicóptero con base en Ourense contará cun servizo de atención continuada dun máximo de 12 horas.

Entre as melloras de tipo cualitativo que prevé o novo contrato, unha vez finalizado o período de transición, inclúese o uso de aeronaves de maiores prestacións que as actuais, o que aumentará a seguridade e o confort das tripulacións e dos pacientes.

Tamén prevé unha bolsa de horas que permita aumentar o número de horas efectivas de voo; a tramitación da certificación das helisuperficies que permita o seu uso, tanto diúrno coma nocturno; ou o uso de combustible ecolóxico, para favorecer o coidado do ambiente.

Ademais, o novo contrato incorpora melloras nas medidas de control da prestación deste servizo e en relación con posibles incumprimentos da operatividade das aeronaves. Establecerá un sistema de penalidades máis severo e proporcional que o actualmente vixente para garantir a mellor prestación do servizo sanitario urxente aéreo aos pacientes que o precisen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA A SÚA APOSTA POLA PROMOCIÓN CULTURAL NO RURAL CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE TERRITORIO CULTURA, DOTADA CON 250.000 EUROS

- O Goberno galego incrementa este ano un 23 % a súa achega respecto aos fondos procedentes do Goberno de España
- O Consello aproba as bases da cuarta edición destas subvencións para continuar coa ampliación, diversificación e descentralización cultural en concellos de ata 30.000 habitantes con densidade máxima de 100 hab./km²
- Dáselles continuidade ás tres fases anteriores deste mesmo programa, do que se beneficiaron 40 propostas que chegaron a preto de 90 municipios

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases dunha nova convocatoria de subvencións do programa Territorio Cultura, a través do que en 2026 se destinarán 250.000 euros a futuros proxectos que sigan promovendo a actividade e o tecido cultural en áreas non urbanas. Trátase da cuarta edición desta liña de axudas, pola que se lles dará continuidade ás anteriores fases a través dunha medida que xa impulsou nos anos 2022, 2023 e 2025 máis de 40 proxectos arredor de distintas disciplinas artísticas en preto de 90 municipios das catro provincias galegas.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, incrementa este ano nun 23 % a súa achega económica a esta canle de apoio, cofinanciada tamén con fondos procedentes do Ministerio de Cultura. Así, malia que o Goberno de España diminuíu en 50.000 euros a súa achega ao programa respecto a 2025, a Xunta incrementa o seu investimento en 10.000 para poder acadar a dotación de 250.000 euros.

A prioridade de Territorio Cultura, que se convoca en réxime de concorrencia competitiva, continúa a ser a ampliación da actividade cultural no rural galego, entendida esta como motor de cambio, dinamización e transformación social. Búscase tamén activar procesos culturais que afonden nos vínculos individuais e sociais co territorio, ofrecendo novas oportunidades laborais, estables e de calidade no eido cultural.

Ampla tipoloxía de proxectos de iniciativa privada

Os concellos destinatarios dos proxectos, de menos de 10.000 habitantes ou de ata 30.000 sempre que a densidade de poboación sexa inferior aos 100 hab./km², poden acoller unha ampla tipoloxía de accións subvencionables. Teñen cabida proxectos que favorezan a experimentación, a investigación e a innovación cultural e posúan unha concreción práctica no territorio: educación, cooperación, patrimonio inmaterial, mediación, uso de novas tecnoloxías, eventos artísticos de calquera disciplina (artes visuais, cine e artes audiovisuais, teatro, danza, circo, música, literatura e palabra,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

arquitectura, deseño e artesanía), actividades multidisciplinares e de relación coa ciencia ou cos saberes tradicionais.

Do mesmo xeito que na anterior convocatoria de 2025, as axudas volverán dirixirse a empresas, fundacións e asociacións culturais para levar a cabo proxectos que activen procesos vinculados co territorio e que contribúan á profesionalización do sector en áreas rurais. Tamén busca favorecer novas oportunidades laborais, estables e de calidade, así como fortalecer os vínculos individuais e colectivos co territorio a través da cultura. Preténdese así favorecer a actividade e os proxectos xurdidos da iniciativa privada, tendo en conta a súa maior incidencia para o fomento do emprego.

A Xunta convocou por vez primeira as subvencións de *Territorio Cultura* durante a pospandemia e ao abeiro do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation EU, de xeito que foi a primeira Administración autonómica en deseñar e facerlle chegar á cidadanía este programa. Despois do éxito acadado nas adjudicacións precedentes, a terceira e cuarta quendas, de 2025 e 2026 respectivamente, fináncianse mediante a distribución de fondos do Estado entre as Comunidades autónomas, aprobada no seo da Conferencia Sectorial de Cultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A PLANIFICACIÓN PARA ACHEGAR AS ACTIVIDADES CULTURAIS DO GAIÁS A PRETO DUN MILLÓN DE PERSOAS ENTRE 2026 E 2028

- O documento guiará a acción da Cidade da Cultura nos vindeiros tres anos e reforza o seu papel como referente creativo e dixital de Galicia
- O plan aposta polo apoio ao sector cultural, a internacionalización e a preparación do Xacobeo 2027
- Esta folla de ruta subliña a importancia de que o Gaiás opere como unha factoría que nutra de contidos a centros de toda a Comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe a planificación da Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia para o período 2026-2028, un instrumento que establecerá a folla de ruta da institución durante os vindeiros tres anos e que permitirá consolidar o Gaiás coma un dos principais motores culturais e creativos da Comunidade.

O documento define os obxectivos estratéxicos, os indicadores de seguimento e os compromisos de xestión da Fundación, reforzando a súa misión de apoiar a cultura galega, impulsar o emprendemento e as industrias creativas e apostar pola innovación tecnolóxica aplicada á creación e á difusión cultural.

Entre os principais retos fixados para este período figura o incremento da actividade e da participación cidadá. Para isto, deseñárase unha programación que permita alcanzar preto dun millón de participacións acumuladas entre 2026 e 2028 a través das exposicións, da programación musical e escénica, dos eventos de carácter familiar e das actividades de lecer e deporte ao aire libre desenvolvidas na contorna da Cidade da Cultura.

A planificación aprobada hoxe prevé tamén o reforzo da presenza da arte dixital na programación do Gaiás, a ampliación das iniciativas de apoio á comunidade creadora galega, o incremento das colaboracións con entidades internacionais e o desenvolvemento de novas actividades educativas, formativas e de investigación.

Aposta pola innovación e a internacionalización

Este documento busca consolidar a Cidade da Cultura de Galicia coma un espazo de referencia para a innovación e a transferencia de coñecemento ao sector creativo galego. Neste sentido, incorpóranse actuacións destinadas a impulsar a dixitalización da cultura, apoiar o talento emerxente e favorecer o desenvolvemento de proxectos innovadores.

Do mesmo xeito, busca reforzar a estratexia de internacionalización da institución, promovendo a cooperación con entidades de relevancia e contribuíndo á proxección exterior da cultura galega. De feito, fixa como obxectivo superar o medio centenar de colaboracións internacionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a planificación sitúa nun lugar protagonista o papel do Gaiás como factoría que nutra de contidos centros de toda a Comunidade. Neste senso, establece como obxectivo superar a trintena de itinerancias expositivas.

Preparando o Xacobeo 2027

A folla de ruta aprobada polo Goberno galego enmárcase ademais nos preparativos do Xacobeo 2027, consolidando a Cidade da Cultura como un dos principais polos de atracción cultural e turística de Galicia.

Entre os obxectivos previstos figura mellorar a experiencia dos visitantes, ampliar público, incrementar a actividade e fortalecer o papel do Gaiás como un destino inclusivo e accesible para as persoas visitantes.

Coa aprobación deste documento, a Xunta de Galicia dota a Cidade da Cultura dun marco estable de planificación ata 2028 que permitirá seguir avanzando na difusión da cultura galega, no apoio ao sector creativo e na xeración de novas oportunidades para a cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN CONSOLIDAN O PROXECTO BENSEGURO TRAS MÁIS DE 1.000 VISITAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS EN OBRAS MENORES

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a prórroga do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Issga e a Fundación Laboral da Construcción para promover a seguridade no sector da construción co foco nas obras menores
- Entre setembro de 2025 e maio de 2026 as accións de asesoramento en obras chegaron a 235 concellos das catro provincias, con preto de 3.500 recomendacións preventivas sobre equipos de protección e equipamento, entre outros
- Todas estas actuacións —máis da metade vinculadas coa rehabilitación de edificios— forman parte do pioneiro plan de asesoramento que se está a impulsar para obras sen proxecto dentro desta iniciativa e contribúen á seguridade laboral neste sector
- A continuidade desta colaboración, dotada cun investimento global de 200.000 euros, permitirá afianzar as visitas de asesoramento a obras, así como reforzar as accións de seguimento e de sensibilización e mellorar a difusión desta iniciativa
- O proxecto Benseguro enmárcase no compromiso autonómico coa seguridade, saúde e benestar no ámbito laboral, que abarca ferramentas consolidadas e que foron acordadas co tecido social e empresarial, como a Estratexia de seguridade e saúde laboral

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) e a Fundación Laboral da Construcción para dar continuidade ao proxecto Benseguro, co que promoven a seguridade no sector co foco nas obras menores, que son as que adoitan concentrar un maior volume de accidentes.

De feito, con esta iniciativa lévanse realizado máis dun milleiro de visitas de asesoramento a obras menores de 235 concellos das catro provincias galegas en menos dun ano, entre setembro de 2025 —inicio das visitas— e maio deste ano. Nelas o equipo técnico deste programa emitiu preto de 3.500 recomendacións preventivas e repartíronse arredor de 600 exemplares de material informativo elaborado polo Issga.

Entre as recomendacións preventivas máis destacadas neste primeiro período de Benseguro están as relacionadas con cuestións coma os equipos de protección, medios auxiliares, equipos de traballo, traballos en altura e utilización de estadas e escaleiras. Ademais, realizan accións de seguimento para comprobar a implantación das medidas preventivas recomendadas.

Todas estas actuacións —máis da metade vinculadas con obras de rehabilitación de edificios— forman parte do pioneiro plan de asesoramento que se está a impulsar para obras sen proxecto dentro desta iniciativa e que conta cun equipo especializado. Deste

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xeito, contribúen á mellora das condicións de seguridade neste sector e a avanzar no deseño de medidas nesta materia.

Continuidade do proxecto

A prórroga deste convenio está dotada cun investimento total de 200.000 euros, dos que a Xunta alcanzará 120.000 euros e a Fundación o 40 % restante, e terá vixencia ata o 30 de xuño de 2027. Isto permitirá afianzar as visitas a obras e o plan de asesoramento, así como reforzar as accións de seguimento e de sensibilización e mellorar a difusión do proxecto Benseguro para chegar a un maior número de empresas e traballadores.

Nesta liña, entre as outras accións que abarca Benseguro está o funcionamento da Comisión Técnica de Seguimento da Seguridade e Saúde Laboral no sector da construción, formada por representantes da Consellería, do Isga e da Fundación Laboral da Construción, a través do Consello Territorial de Galicia, no que tamén están representados os axentes sociais do sector. Este grupo reúnese periodicamente co obxectivo de analizar as cifras de sinistralidade, avaliar as actuacións do proxecto e definir estratexias para mellorar as condicións de seguridade nas obras.

Outra acción da iniciativa é a campaña de concienciación social, centrada en promover a importancia da contratación de obras responsable e segura. A isto súmanse outras actividades complementarias, coma a elaboración dun mapa de riscos químicos no sector da construción, campañas e xornadas de promoción da saúde laboral e sesións técnicas en colaboración co Isga. De feito, nesta primeira etapa de Benseguro destacan os contactos e accións de colaboración con concellos de toda Galicia, a organización de xornadas de sensibilización en materia de seguridade e saúde laboral e a distribución de distinto material divulgativo dirixido tanto a empresas coma á cidadanía.

Compromiso co benestar laboral

O proxecto Benseguro enmárcase no compromiso da Administración galega coa seguridade, saúde e benestar no ámbito laboral, que abarca ferramentas consolidadas e que foron acordadas co tecido social e empresarial. A nivel global destaca a Estratexia de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia –cun orzamento de preto de 56 M€– para promover medidas autonómicas nesta materia, que se concretan cada ano no plan de actuación do Isga. Ademais, a Xunta avanza da man dos axentes sociais en materia de benestar laboral no marco do Diálogo social, onde se están a analizar novas medidas e se está a abordar a elaboración da Estratexia galega de benestar laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A SÚA COLABORACIÓN COAS MANCOMUNIDADES DE OURENSE COA CESIÓN DE MÁIS MÁQUINAS HIDROSTÁTICAS PARA TAREFAS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- A cesión enmárcase dentro do convenio impulsado para a constitución de 22 brigadas en seis mancomunidades desta provincia
- Grazas á adquisición destes dous novos aparellos poderá incrementarse a cobertura territorial das actuacións preventivas en zonas de risco e necesidade operativa, ademais de reforzar a capacidade de resposta dos medios
- Ao mesmo tempo, tanto a constitución das brigadas coma a cesión das máquinas inclúense dentro do protocolo de colaboración que a Consellería do Medio Rural mantén coa Deputación de Ourense

A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello do Goberno autonómico a autorización da sinatura do convenio de colaboración coa Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Santa Águeda para ceder dúas novas máquinas hidrostáticas polivalentes para tarefas de prevención e extinción de incendios forestais, reforzando así a cooperación coas mancomunidades desta provincia en materia de incendios.

A cesión destes aparellos enmárcase dentro do convenio asinado este 2026 coas mancomunidades do Ribeiro, Comarca de Verín, Comarca do Carballiño, Terra de Celanova, Comarca de Ourense e Santa Águeda, para constituír un total de 22 brigadas.

Cabe sinalar que a Consellería do Medio Rural impulsara unha colaboración semellante no ano 2025, neste caso coas mancomunidades do Ribeiro, Comarca de Verín, Comarca do Carballiño e Terra de Celanova, ás que se lles cederon catro máquinas hidrostáticas polivalentes. A experiencia dese ano constatou o bo funcionamento do modelo combinado de brigadas de seis meses e cesión de maquinaria, polo que a Xunta optou por asinar un novo convenio neste 2026 na mesma materia.

Nesta nova colaboración, ademais das catro mancomunidades participantes no ano 2025, incorporáronse as da comarca de Ourense e Santa Águeda, polo que é necesario dotalas con máquinas hidrostáticas polivalentes propias. Deste xeito, poderá incrementarse a cobertura territorial das actuacións preventivas en zonas de risco e necesidade operativa, ademais de reforzar a capacidade de resposta dos medios. O custo total de adquisición das máquinas é de algo máis de 650.000 euros.

Colaboración coa Deputación de Ourense

Ao mesmo tempo, tanto a constitución das brigadas coma a cesión das máquinas inclúense dentro do protocolo de colaboración que a Consellería do Medio Rural mantén coa Deputación de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao mantemento e á conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais nesta provincia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INXECTA 2,5 M€ PARA REXENERAR MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE M² DE AREAIS, SEMENTAR 10,4 MILLÓNS DE UNIDADES DE AMEIXA E IMPLICAR A 249 MARISCADORAS

- O Consello dá luz verde a catro novos convenios de colaboración coas confrarías da Illa de Arousa, Vilaboa e Arcade e coa Sociedad Cooperativa Gallega Ría de Arosa
- Xa son 14 os acordos aprobados polo Goberno galego con entidades do sector no marco do plan extraordinario que mobiliza case 23 M€ para recuperar a actividade marisqueira
- Estas medidas permiten compensar con ata 700 euros mensuais as mariscadoras que realicen as tarefas de restauración dos bancos, coma a remoción de substrato, sementeiras, control de depredadores ou vixilancias

O Consello da Xunta deu luz verde a catro novos convenios de colaboración bilaterais destinados a revertir os severos danos sufridos polas poboacións de moluscos bivalvos tras os temporais de inicio do ano. Estes novos acordos, que ligan a Consellería do Mar cos pósitos da Illa de Arousa, Vilaboa e Arcade e coa Sociedad Cooperativa Gallega Ría de Arosa (Abanqueiro), mobilizan un orzamento global de 2.517.120,06 euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Estes paquetes de medidas, acordados de xeito bilateral con cada entidade, consolidan a folla de ruta deseñada polo Executivo galego, que eleva xa a 14 o número de pósitos e agrupacións do litoral que se acolleron ao plan extraordinario de case 23 millóns de euros da Xunta para facer fronte á mortalidade provocada pola caída crítica de salinidade nas rías.

Os convenios, cuxo obxectivo fundamental é rexenerar os bancos marisqueiros e os hábitats litorais, garanten unha compensación para as persoas mariscadoras polos labores de rexeneración de ata 700 euros ao mes mentres a actividade extractiva permanece pechada.

Plan da Illa de Arousa

O proxecto de maior envergadura económica corresponde á Confraría de Pescadores da Illa de Arousa, cun orzamento que ascende a 1.357.655,20 euros. O plan de restauración prevé actuar sobre bancos autorizados e de libre marisqueo que suman unha superficie de 1.400.491 m² —incluíndo areais coma A Canteira, O Vao, Camaxe, Xastelas ou as Aceñas— mediante a implicación directa de 153 mariscadoras a pé ao longo de 12 xornadas ao mes.

Entre as accións programadas destaca a descompactación e osixenación do substrato mediante unha grade remolcada polo tractor do pósito, combinada co traballo manual en zonas de difícil acceso. Así mesmo, o plan recolle a retirada de macroalgas de arribazón en cadeas humanas e o traslado técnico (rareo) de ameixa xaponesa dende O Aguillón e O Mallón cara a zonas coma Riasón-Tarais. O proxecto complétase coa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sementeira duns 2 millóns de unidades de ameixa babosa no Vao e un sistema de preengorda en lanternas de cinco pisos no porto do Xufre, para o que se adquirirá unha sonda de medición de parámetros e unha motobomba para achegar auga de mar.

Plan da Cooperativa Gallega Ría de Arosa

A Sociedade Cooperativa Gallega Ría de Arosa contará cun investimento de 435.573,33 euros para as actividades de restauración, nos cales participará unha mariscadora a pé a partir de outubro nun ámbito de actuación de 29.920 m² que abrangue desde punta Portomouro ata punta Pedra Rubia.

Dadas as características do plan, o proxecto destaca polo seu forte compoñente loxístico. Prevese que se acheguen uns 1.000 metros cúbicos de area de canteira para corrixir zonas improdutivas en punta Fontenla e punta Pedra Rubia, trasladados con camións bañeira e tractores con pa. O acondicionamento do substrato inclúe o desfondado mecánico e unha segunda fase a flote mediante embarcación. O control de depredadores executarase calando nasas con dúas embarcacións para retiralas, ademais do uso de redes. O argazo retirarase a flote con rastros de vieira e de xeito manual por terra. Finalmente, a estratexia inclúe a sementeira de máis de 3,5 millóns de unidades de ameixa babosa en tres fases e un plan de investimento para a adaptación mecánica do tractor (rodas, bomba hidráulica para un arado de dúas pas para lodos e botellas basculantes).

Plan de Vilaboa

Cun orzamento de 380.946,07 euros, a Confraría de Vilaboa coordinará 48 mariscadoras a pé nun raio de acción estendido dende punta Pereiró ata punta do Cabalo ao longo de 132 xornadas totais de traballo. O plan técnico prioriza o saneamento do substrato con achegas de áridos en Deilán e unha singular tarefa de acondicionamento de canles fluviais con escavadora en Deilán e Riomaior, co obxectivo de limpar a drenaxe dos ríos e evitar as obstrucións e inundacións de auga doce que degradan o hábitat e afectan a salinidade.

A remoción de lodos compactados combinará o tractor do pósito co labor manual con angazos. En materia de produción, executaranse traslados de ameixa desde Santo Adrián (Ostral) a Riomaior baixo redes de protección, preengorda de semente en lanternas e zonas acoutadas da Loxe e a sementeira de 4 millóns de unidades de ameixa. O pósito tamén reforzará a seguridade con vixilancias diúrnas e nocturnas.

Plan de Arcade

Por último, a Confraría de Pescadores de Arcade contará cunha inxección económica de 342.945,46 euros para a execución dun plan de restauración marisqueira que prevé actuar directamente sobre 91.585 m² da Enseada de San Simón (Rede Natura 2000) e mobilizará as 47 mariscadoras en activo co fin de reverter a total desaparición de bivalvos comerciais tras os temporais do inverno.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O documento recolle o desfondado manual con sachos de 11.600 m² en Area Nova, Estralo e Río do Medio para descompactar o lodo, ademais do acondicionamento mecánico de 15.900 m² no Puntal mediante rastro tirado por embarcación para retirar as densas capas de restos vexetais sepultados que superen os 20 centímetros. Tamén se monitorizará a exótica *Tritia neritea* e retiraranse manualmente residuos en 64.085 m² (incluíndo A Taboeira e praia Muxeira).

O plan inclúe a preengorda experimental de berberecho, o seguimento de sementeiras de 805.555 xuvenís e vixilancias visuais estratéxicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA COA FUNDACIÓN ROF CODINA DA USC UN ESTUDO PIONEIRO PARA REFORZAR O COÑECEMENTO CIENTÍFICO SOBRE A SEGURIDADE ALIMENTARIA DOS PRODUTOS DO MAR

- Os resultados permitirán perfeccionar as recomendacións dietéticas, aumentar a confianza no consumo e anticipar políticas públicas baseadas na ciencia
- A esta actuación destinaranse preto de 649.000 €, que serán financiados ao 50 % polas partes no bienio 2026-2027
- Con este proxecto Galicia reforza a súa aposta pola investigación aplicada, a protección da saúde e a excelencia dun sector estratéxico

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Rof Codina para desenvolver o proxecto científico-técnico "Estudo do efecto de niveis normais de mercurio na dieta e a súa relación coa resposta inmune", unha iniciativa que se executará durante os anos 2026 e 2027, e que dispón dun orzamento total de 648.775 euros, financiados ao 50 % polas partes.

Galicia, como unha das principais rexións pesqueiras da Unión Europea, o sector da pesca, o marisqueo e a acuicultura constitúe un dos piares fundamentais da súa economía e do desenvolvemento das rexións costeiras. Neste contexto, a Xunta mantén o seu compromiso coa sustentabilidade dos recursos mariños, a promoción do consumo dos produtos do mar e a garantía dos máis altos estándares de seguridade alimentaria.

Precisamente, este convenio enmárcase nesa estratexia da Administración autonómica orientada a reforzar o coñecemento científico como ferramenta para avanzar na protección da saúde pública, consolidar a confianza dos consumidores e poñer en valor a calidade dos alimentos das rías galegas. Así, permitirá aproveitar a capacidade investigadora da Fundación Rof Codina, adscrita á Universidade de Santiago de Compostela, e a experiencia do grupo Farmatox para ampliar a base empírica sobre a exposición a determinados contaminantes ambientais presentes de maneira natural no medio mariño.

O estudo centrarase na análise da exposición ao mercurio asociada ao consumo habitual de túnidos e na súa posible relación coa resposta inmune, o efecto neutralizador do selenio, avaliando os niveis reais de contacto en diferentes perfís de consumidores. O obxectivo é dispoñer de datos propios e actualizados que permitan seguir perfeccionando as recomendacións dietéticas e as políticas públicas baseadas na evidencia científica.

Deste xeito, a investigación contribuirá a reforzar a capacidade para anticiparse a novos desafíos, revisar e actualizar protocolos cando sexa preciso e ofrecer á cidadanía información rigorosa e transparente sobre os produtos pesqueiros, polo que tamén supón un impulso á transferencia de coñecemento desde o ámbito universitario cara ás políticas públicas, favorecendo a toma de decisións mellor fundamentadas e xerando

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

beneficios indirectos para a competitividade das empresas vinculadas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRABALLA NA RECUPERACIÓN DOS SERVIZOS ESENCIAIS E INFRAESTRUTURAS VIARIAS NAS ZONAS DE LUGO E OURENSE MÁIS AFECTADAS POLAS CHUVIAS DO 17 DE XUÑO

- Alfonso Rueda anuncia que “esta mesma tarde” o Goberno galego convocará ás Deputacións de ambas provincias para realizar en conxunto “unha análise minuciosa dos danos e concretar as necesidades de reparación”
- Avanza que tamén se dirixirá ao Goberno central, a través da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para que “realice de xeito inmediato labores de limpeza dos leitos dos ríos e de protección do solo”
- Explica que, no eido das emerxencias, o Goberno galego actuou desde que tivo coñecemento da situación, nun primeiro momento coa activación das alertas para minimizar os riscos e posteriormente coa mobilización de medios de intervención
- Asegura que a Xunta actuou con axilidade para reparar os danos que as fortes choivas ocasionaron nun treito de 200 metros na estrada OU-533 e que “en 24 horas xa se restablecera a circulación en ambos os dous sentidos, grazas á retirada urxente de escombros e séguese a traballar para recuperar a plena normalidade canto antes”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, indicou hoxe que o Goberno galego traballa xa na recuperación dos servizos esenciais e infraestruturas viarias nas zonas de afectadas polas tormentas e chuvias torrenciais do 17 de xuño nas provincias de Lugo e Ourense, tal e como deu conta o Consello logo de avaliar o informe das actuacións desenvolvidas desde a activación da alerta, elaborado pola Axencia Galega de Emerxencias e a Consellería de Infraestruturas e Planificación de Vivenda. “Nestes momentos, os equipos seguen a traballar para a recuperación das zonas o antes posible”, asegurou.

Así mesmo, anunciou que “esta mesma tarde” o Goberno galego convocará ás Deputacións de ambas provincias para realizar en conxunto “unha análise minuciosa dos danos e concretar as necesidades de reparación”. Ademais, avanzou que tamén se dirixirá ao Goberno central, a través da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para que “realice de xeito inmediato labores de limpeza dos leitos dos ríos e de protección do solo”.

Segundo apuntou, os danos máis graves concentráronse en diversos núcleos do concello de Viana do Bolo (A Bouza, Pradocabalos, Pixeiros e O Castro), en Arcos e outros puntos de Vilamartín de Valdeorras, nas captacións de Vilardevós e en diversas zonas urbanas de Monforte de Lemos, entre outros. “Non houbo que lamentar danos persoais, pero si danos materiais tanto na rede viaria, como en infraestruturas públicas e en propiedades privadas”, apuntou. Así, nestes lugares, as riadas provocaron inundacións de vivendas, baixos e negocios; arrastres masivos de terra, pedras e troncos; danos en vehículos, muros, alpendres e explotacións; cortes de estradas e accesos; así como afección a redes de abastecemento e electricidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“O 112 recibiu case 2.400 chamadas e mobilizáronse ata 80 recursos”, indicou Rueda, en alusión ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil de Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, O Bolo, O Barco de Valdeorras, entre outros concellos; os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) da Gudiña, da Veiga e de Valdeorras; e os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento de Valdeorras, Verín, Monforte de Lemos e Chantada.

Interviñeron tamén persoal da Axencia Galega de Infraestruturas e servizos de conservación de estradas, brigadas de defensa contra incendios da Consellería do Medio Rural e outros medios de apoio, a Garda Civil, policía locais e servizos municipais, e brigadas de obras e maquinaria da Deputación Provincial de Ourense.

As intervencións centráronse na protección das persoas, o achique de vivendas e locais, a retirada de árbores e materiais, a sinalización e corte de vías, a apertura de accesos alternativos, a limpeza da lama e a prestación de apoio aos concellos que requiriron maquinaria pesada.

Tal e como apuntou Rueda, a Xunta actuou xa nun primeiro momento coa “activación da alerta laranxa o día anterior”, unha vez recibida a información da Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet) e de MeteoGalicia. Así, o Goberno galego informou da situación a concellos, deputacións e aos servizos do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para reducir os riscos e potenciais danos. Ademais, debido á alerta laranxa por chuvía, a Comisión Escolar de Alertas suspendeu as actividades escolares no exterior ese mércores e a Secretaría Xeral para o Deporte tamén suspendeu a actividade deportiva federada e do programa Xogade no exterior, agás os deportes náuticos e acuáticos federados.

Afección na estrada OU-533

O informe dá conta tamén das actuacións da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na estrada OU-533, danada polas fortes precipitacións do mércores 17. A Xunta actuou con axilidade para reparar os danos que as fortes choivas ocasionaron nun treito de 200 metros na estrada OU-533 (que une A Gudiña e A Rúa) no entorno do P.K. 9+600, no lugar de Pradocabalos, no concello de Viana do Bolo. “En 24 horas xa se restablecera a circulación en ambos os dous sentidos, grazas á retirada urxente de escombros e séguese a traballar para recuperar a plena normalidade canto antes”, asegurou Rueda.

Neste punto, quedou entupido o pontón de 8 metros de alto e 6 de ancho existente, a causa do material arrastrado ladeira abaixo polas fortes correntes de auga (árbores, ramas, terra e pedras), e anegouse a estrada, o que provocou o arrastre dos petrís no lado dereito e a barreira de seguridade a ambos lados do pontón. Ademais, o lodo e demais material arrastrado afectou ao acceso a unha vivenda situada na variante da estrada nese mesmo punto quilométrico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras as intensas labores levadas a cabo desde o mesmo venres, en que se puido restablecer a circulación na estrada con sinalización, o pontón está case liberado (dos 8 metros de altura queda por retirar menos dun metro e o cauce de auga xa circula sen atrancos). Ademais limpouse o cauce augas abaixo. Calcúlase que ata o sábado levábase producido o movemento de arredor duns 3.000 m³.

Actuación

En canto se tivo coñecemento dos danos ás 19,24 h do mércores, a Axencia Galega de Infraestruturas mobilizou o servizo de conservación da rede autonómica de estradas na provincia de Ourense cara ao lugar, desprazándose os reténs de garda, primeiro o de Verín e seguidamente o da Rúa, cun camión grúa con bivalva, sinalización e material de limpeza. Restableceuse o tráfico da estrada, que inicialmente estivera cortada, a última hora da tarde, regulado por semáforos e con circulación alternativa.

Posteriormente, o xoves 18 desprazouse persoal e un camión grúa para a instalación dun sistema provisional de contención de vehículos mediante *new jerseys* de formigón no pontón. Tamén se desprazaron dous camiións, un de limpeza e outro con material necesario para a sinalización da zona, así como unha retroescavadora de cadeas para labores de limpeza, e unha máquina miniretro para as labores auxiliares de limpeza na variante de acceso á vivenda.

A última hora da tarde do propio xoves xa estaba liberada a maior parte da entrada do pontón e o acceso da vivenda quedou parcialmente despexado, e tamén quedaron habilitados os dous sentidos da circulación, aínda que non se pode dar data para a reposición do dominio público afectado debido as toneladas de material acumulado.

Os labores de limpeza continuaron o venres na zona do pontón para que de forma parcial a auga puidese circular polo seu leito natural. Así mesmo liberouse o tapón que obstruíu un pontón augas abaixo da estrada para facilitar a cooperación entre administracións. Coa fin de restablecer canto antes a normalidade, o sábado 20 continuaron os traballos cos mesmos medios mobilizados: a retroescavadora de cadeas xiratoria de 32 toneladas, a miniretro de 3,5 toneladas, e os dous camiións xunto con 6 operarios.

No día de onte paralizáronse os traballos e a actividade retomouse este luns día 22 dende as 08.00 horas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ NUN 32 % O INVESTIMENTO EN CONSERVACIÓN DE RÍOS PARA AMPLIAR O NÚMERO DE ACTUACIÓN, INTERVIR EN MÁIS QUILÓMETROS FLUVIAIS E MELLORAR A CAPACIDADE DE RESPONSA ANTE EPISODIOS DE CHUVIA INTENSA

- Augas de Galicia ultima a licitación dun novo contrato neste eido, por un importe de 18,5 M€, co obxectivo de reforzar nos próximos cinco anos a súa capacidade estrutural de intervención no territorio desde o punto de vista da prevención de inundacións
- O Goberno autonómico mantén unha presenza constante na rede fluvial que se materializa en centos de actuacións de retirada de obstáculos, xestión da vexetación, eliminación de especies invasoras e outros labores ao longo da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, cunha atención especial aos tramos máis sensibles
- O ano pasado este programa materializouse en 125 intervencións en 507 km de ríos e coa programación deseñada para todo 2026 prevese actuar noutros 558 km
- De forma paralela, tamén se desenvolven outras actuacións para avanzar en materia de planificación, como os traballos para identificar as infraestruturas fluviaes en zonas de risco de inundación ou a actualización do inventario de obstáculos existentes nos leitos fluviaes, cun investimento total estimado en 1,4 millóns de euros

A Xunta de Galicia incrementará nun 32 % o investimento reservado nos próximos cinco anos a conservación fluvial co obxectivo de reforzar accións que son clave para anticiparse a eventuais inundacións e protexer tanto as persoas coma o territorio ante episodios deste tipo. Un esforzo económico en materia de prevención que permitirá tanto executar un maior número de actuacións de mantemento nos ríos de competencia autonómica –e, polo tanto, intervir en máis quilómetros da rede– coma mellorar a capacidade de resposta da Comunidade ante episodios de chuvia intensa.

Así se recolle no informe presentado hoxe no Consello sobre as medidas de conservación fluvial programadas no período 2027-2031 por Augas de Galicia, que ultima os detalles para licitar un novo contrato neste eido por un importe total de 18,5 millóns de euros.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Xunta, a través do organismo hidráulico autonómico, desenvolve unha política continuada de conservación fluvial orientada a garantir o bo estado dos ríos, mellorar a seguridade do territorio e reducir o risco de inundacións. Augas de Galicia céntrase fundamentalmente nos tramos non urbanos da rede fluvial, complementando o labor dos concellos nos ámbitos urbanos e garantindo unha intervención coordinada sobre o conxunto dos ríos de Galicia.

A conservación fluvial materialízase a través de contratos estables de mantemento, cun investimento anual medio de 2,8 millóns de euros que permite actuar de forma

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sistemática ao longo da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Estes traballos inclúen a retirada de vexetación e obstáculos, o control de especies invasoras, a mellora da sección hidráulica dos leitos e outras actuacións para garantir o correcto funcionamento dos ríos, especialmente nas zonas máis sensibles por teren un maior risco de inundación.

O ano pasado esta política traducíuse na execución de 125 actuacións que abrangueron máis de 507 km de río (considerando ambas as marxes) nun total de 55 concellos, mentres que con vistas a 2026 están previstas un total de 116 intervencións de conservación en Galicia-Costa para actuar noutros 558 km de tramos fluviais.

Esta programación é clave para a xestión integral dos ríos, xa que permite actuar sobre tramos especialmente sensibles, mellorando a súa drenaxe e reducindo os puntos críticos asociados ao risco de avenidas, co cal se minimizan os posibles impactos sobre núcleos urbanos, infraestruturas e actividades económicas. Por iso, Augas de Galicia quere reforzar esta liña de actuación no medio prazo e incrementará o investimento destinado a tal fin nun 32,4%, pasando dunha media de 2,8 millóns de euros anuais a uns 3,7 millóns.

Ademais, de forma paralela aos traballos sobre o terreo, o organismo hidráulico tamén desenvolve outras actuacións para reforzar e actualizar a información que se ten sobre o territorio e avanzar en materia de planificación. Neste eido, estanse a executar traballos para identificar as infraestruturas fluviais en zonas de risco de inundación, así como tamén para efectuar unha actualización do inventario de obstáculos transversais existentes nos leitos fluviais, cun investimento total estimado entre ambos de 1,4 millóns de euros.

65 M€ para a estratexia integral ante inundacións

Galicia conta cunha extensa rede fluvial –con máis de 30.000 quilómetros– que constitúe un elemento esencial para o funcionamento do territorio, tanto desde o punto de vista ambiental coma económico e social. Os ríos desempeñan un papel clave na regulación do ciclo da auga, na protección da biodiversidade e na seguridade das persoas e dos bens materiais, especialmente fronte a episodios de choivas intensas e inundacións.

Ademais, no actual contexto de cambio climático, con fenómenos extremos cada vez máis frecuentes, a conservación do dominio público hidráulico adquire unha maior relevancia como instrumento de prevención e adaptación. Por iso, Augas de Galicia vén desenvolvendo unha política continuada de conservación fluvial fóra dos tramos urbanos dos ríos e cada ano tenta incrementar as actuacións executadas e mellorar o coñecemento do territorio, das ferramentas de planificación e das infraestruturas asociadas aos leitos.

Neste contexto enmárcase o novo contrato de conservación que licitará o organismo hidráulico para o período 2027-2031 e que forma parte, á súa vez, da estratexia integral da Xunta para mellorar o comportamento dos ríos de competencia autonómica en caso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de chuvias intensas e reducir o impacto de posibles enchentes. Trátase dunha serie de accións, obras e medidas que cumprirá impulsar e que en conxunto suman un investimento superior aos 65 millóns de euros nos próximos cinco anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A NOVA LIÑA DE AXUDAS DE COMEDOR ESCOLAR POLA QUE AS FAMILIAS RECIBIRÁN BOLSAS DE 150 €

- Este verán lanzarase a primeira convocatoria, dotada con case 3 M€, cumprindo así un compromiso ao tratarse dunha das principais novidades dos orzamentos de 2026
- Poderán solicitálas os proxenitores con fillos escolarizados en centros públicos en que o servizo sexa xestionado polas ANPA e concellos ou en centros concertados
- Beneficiarán uns 18.700 escolares de familias con rendas de ata 6.000 € per cápita, unha cifra que se ampliará o vindeiro ano cun segundo tramo ata 10.000 €

A Xunta convocará este verán a nova liña de axudas ás familias para o comedor escolar. Tal e como aprobou o Consello, a iniciativa contará cun orzamento de case 3 M€ (2,8) para apoiar fogares con rendas de ata 6.000 € per cápita e con fillos no segundo ciclo de educación infantil, en primaria e educación especial, que recibirán axudas de 150 €.

Poderán beneficiarse destas bolsas os escolares que empregaran no curso 2025/26 o comedor en centros sostidos con fondos públicos, sempre e cando este servizo non sexa xestionado pola Xunta, nin de forma directa nin indirecta. É dicir, trátase da primeira liña de axudas específica para as familias con fillos que utilizan comedores xestionados polas ANPA, por concellos ou de centros concertados, pois os estudantes deste servizo en comedores da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional xa se benefician neste momento de medidas coma bonificacións e prezos conxelados.

Tal e como estaba anunciado, a convocatoria aumentará progresivamente tanto en investimento coma en número de beneficiarios. Deste xeito, para o curso 2026/27 abrirase un segundo tramo con axudas de 100 € as de rendas entre 6.000 e 10.000 €.

Con este paso, a Xunta de Galicia cumpre un compromiso adquirido coa cidadanía, dado que esta medida figuraba no programa das pasadas eleccións autonómicas e foi unha das principais medidas incluídas nos orzamentos de 2026 da Comunidade.

Compatible con outras bolsas

A convocatoria sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro venres e a as solicitudes realizaranse por vía electrónica, entre o 6 de xullo e o 6 de agosto, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. A solicitude será única para todos os fillas e fillos, e de ser o caso tuteladas e tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2025/26.

Entre outra documentación, as nais e pais deberán presentar unha declaración responsable da entidade xestora do comedor escolar na que se indique que o/a alumno/a utilizou o comedor escolar durante o curso, así como o número de días, o prezo diario do devandito servizo, o importe total pagado e os datos do pagador.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas axudas son compatibles con subvencións doutros organismos destinadas á mesma finalidade, sempre que o importe total non supere o custo do servizo de comedor escolar e que lle comuniquen á Xunta que recibiron outras bolsas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O CONSELLO TÉCNICO ASESOR DOS PROGRAMAS DE DETECCIÓN PRECOZ DE CANCRO, QUE FACILITARÁ A PARTICIPACIÓN DA SOCIEDADE NA COORDINACIÓN DOS CRIBADOS ONCOLÓXICOS

- Este organismo contará con representación dos pacientes e reunirá profesionais de epidemioloxía, oncoloxía, medicina preventiva e xenética, entre outros ámbitos, para impulsar a mellora continua dos programas de cribado
- A iniciativa contribuirá a incorporar con maior rapidez os avances científicos e tecnolóxicos aos programas de detección precoz, reforzando a súa avaliación e favorecendo a maior participación nos cribados
- O consello formulará informes, propostas, recomendacións e memorias anuais, ademais de promover a formación e a información a profesionais, usuarios e familias a través do Observatorio de Saúde Pública de Galicia
- Tamén fomentará a investigación e revisará a avaliación global dos programas de cribado para propoñer modificacións cando sexa necesario
- Coa creación deste Consello Técnico Asesor, a Xunta cumpre o compromiso adquirido coa Asociación Española contra o Cancro en Galicia

A Xunta creará o Consello Técnico Asesor dos Programas de Detección Precoz de Cancro, un órgano colexiado de carácter consultivo que facilitará a participación da sociedade na coordinación dos cribados oncolóxicos, ademais de servir de espazo de análise e apoio experto.

O Executivo que preside Alfonso Rueda abordou hoxe, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade sobre a orde de creación deste novo consello asesor, que consta dun total de 15 artigos, unha disposición adicional e unha derradeira.

Mediante esta iniciativa, a Xunta dá un novo impulso á loita contra o cancro, posto que, ademais de contar coa representación dos pacientes, o novo consello reunirá profesionais de diferentes ámbitos para fortalecer a mellora continua dos programas de cribado, o que suporá máis participación na coordinación, máis coñecemento e mellores decisións para salvar vidas.

Este consello técnico contribuirá, así mesmo, a incorporar con maior rapidez os avances científicos e tecnolóxicos aos programas de detección precoz, co que a prevención se sitúa no centro da sanidade galega.

Esta nova iniciativa da Xunta é un paso máis para coordinar as propostas de mellora no eido de todos os cribados oncolóxicos, creando unha visión común e integrada para mellorar a eficacia dos programas de detección precoz.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, esta medida suporá máis confianza para a cidadanía e máis calidade para o sistema sanitario, posto que o novo órgano reforzará a avaliación dos programas e favorecerá unha maior participación nos cribados.

Coa creación deste Consello Técnico Asesor, a Xunta dá cumprimento ao compromiso adquirido cos representantes da Asociación Española contra o Cancro en Galicia.

Coordinación asistencial

Os programas de detección precoz permiten identificar determinados cancros en fases iniciais, o que incrementa as posibilidades de tratamento con éxito, mellora o pronóstico e contribúe a reducir a carga asistencial e social da enfermidade.

En consecuencia, o novo consello nace para ofrecer unha visión técnica cualificada sobre a estratexia, implantación, seguimento e avaliación dos programas de cribado, integrando coñecemento de diferentes perfís profesionais e favorecendo a coordinación entre ámbitos asistenciais, especialmente entre a atención primaria, a hospitalaria e saúde pública.

O consello que se crea contará cunha presidencia, unha vicepresidencia, unha secretaría e 11 vogalías designadas entre perfís expertos en epidemioloxía, oncoloxía, medicina preventiva, xenética e outras áreas vinculadas aos programas de detección precoz, ademais da representación de pacientes. Deste xeito, garántese unha visión plural, interdisciplinar e orientada á mellora continua. O nomeamento das persoas integrantes será por un período inicial de tres anos.

Funcións

O Consello formulará informes, propostas, recomendacións e memorias anuais, ademais de promover a formación e a información a profesionais, persoas usuarias e familias. Xunto ao anterior, impulsará a investigación e revisará a avaliación global dos programas de cribado, para propoñer modificacións cando sexa necesario.

Tamén poderá traballar a través de grupos específicos e contar con persoas expertas convidadas, o que lle dará flexibilidade para abordar cuestións concretas con maior profundidade técnica.

Para avanzar na transparencia e na implicación das persoas usuarias, divulgaranse os informes e recomendacións do Consello a través do Observatorio de Saúde Pública de Galicia.

Cómpre lembrar que os programas de detección precoz de cancro levan anos implantados en Galicia como instrumentos fundamentais de saúde pública, con especial relevancia na detección precoz do cancro de mama, colorrectal e cérvix, aos que hai que engadir os proxectos piloto de detección precoz de cancro de próstata e pulmón, que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

están a amosar resultados moi positivos, coa detección dunha alta porcentaxe de casos en fases temperás.